

Risco epistolar

Na trastenda de Nós

ROCÍO MOAR QUINTELA

De 1918 a 1929 Vicente Risco deixou escritas cartas oficiais, privadas e algunha persoal nas que fala da preparación da II e da III Asamblea Nacionalista, dos conflitos coa Irmandade da Coruña, do proxecto dun partido político de inspiración masónica... Se atendemos ás súas reiteradas queixas, toda responsabilidade viña recaer nel mesmo, perante o desinterese de Otero Pedrayo e a inercia de Castelao. Decepcionado de todo e de todos, chega a referirse ao pobo galego como “un pobo de cabrós”.

O distanciamento temporal e emocional nas cartas dos últimos cinco anos fálanos dun Risco consciente da fin dese papel. A posible procura a través das Irmandades dun acougo para o seu espírito nihilista volvera bater coa indolencia dos que o rodeaban. Ademais do sarcasmo amosado ao referirse a moitos persoeiros do galeguismo, son reveladoras as socráticas observacións ou silencios de Losada.

Dende a súa incorporación ás Irmandades ata o inicio da súa crise ideolóxica e pouco antes da morte de Losada, Risco deixanos un testemuño vivo do que debeu ser galeguismo anterior á República e a trastenda do Grupo Nós. O lector vai poder coñecer a lingua da época e sobre todo a complexa personalidade dun dos intelectuais máis destacados da cultura galega na primeira metade do s. XX.

VENTURA, Joaquim (*Intr. e notas*), *Epistolario de V. Risco a A. Losada*, Ed. Deputación de Ourense, 2010, PVP. €

